

# **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**CENTRO: CEIP DE ESPEDREGADA**

**CURSO: 5º EP**

**MATERIA: LINGUA CASTELÁ, LINGUA GALEGA, MATEMÁTICAS, CIENCIAS NATURAIS, CIENCIAS SOCIAIS, EDUCACIÓN ARTÍSTICA, LINGUA INGLESA, EDUCACIÓN FÍSICA, VALORES SOCIAIS E CÍVICOS**

**DATA: 12/05/20**

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 2 DE 25	CENTRO: CEIP DE ESPEDREGDAA CURSO: 5º EP MATERIA: LINGUA GALEGA – ADAPTACIÓN CURRICULAR
---	----------------	--

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		LINGUA CASTELÁ 5º EP
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	
B2.1. Ler, en voz alta e en silencio, diferentes textos, con fluidez e entoación adecuada.	LCB2.1.3. Comprende información global e específica en textos de diferente tipoloxía do ámbito escolar e social.	
B3.1. Producir textos segundo un modelo con diferentes intencións comunicativas, con coherencia, aplicando as regras ortográficas e coidando a caligrafía, a orde e a presentación.	LCB3.1.1. Escribe, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá e do ámbito social e escolar, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos): diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, contos, folletos informativos e literarios, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, regulamentos, receitas, instrucións, normas...	
B3.3. Aplicar todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura, utilizando esquemas e mapas conceptuais, aplicando estratexias de tratamento da información, redactando os seus textos con claridade, precisión e corrección e avaliando, coa axuda de guías, as producións propias e alleas.	LCB3.3.1. Aplica correctamente os signos de puntuación, as regras de acentuación e ortográficas propias do nivel nos seus textos escritos.	
	LCB3.3.2. Reproduce textos ditados, logo de identificar o sentido global e a información específica neles.	
B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.	LCB4.2.1. Coñece, recoñece e usa sinónimos, antónimos, polisémicos, homófonos, frases feitas na súa expresión oral e escrita.	
	LCB4.2.3. Identifica e clasifica os diferentes tipos de palabras nun texto.	
	LCB4.2.5. Recoñece a oración simple en textos sinxelos e distingue suxeito e predicado.	

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		LINGUA GALEGA 5º EP
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	
B3.1. Usar, de maneira xeral, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.	LGB3.1.3. Utiliza os signos de puntuación (punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación).	
B3.2. Crear textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.	LGB3.2.1. Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas, notas e invitación.	
B3.7. Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación.	LGB3.7.1. Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, separación entre parágrafos, interliñado... en calquera soporte.	
B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	LGB4.1.3. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.	
B5.4. Recrear e compoñer poemas e relatos sinxelos a partir de modelos dados.	LGB5.4.1. Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo e lembranzas.	

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		MATEMÁTICAS 5º EP
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	
B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as milésimas).	MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	
B2.5. Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as propiedades destas, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado.	MTB2.5.2 - Realiza operacións con números decimais.	
B2.7. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB2.7.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu uso.	
B3.2. Operar con diferentes medidas.	MTB3.2.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade e masa en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán.	
B3.5. Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos mate-	MTB3.5.1. Resolve problemas de medida, utilizando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios...), creando conxecturas, construíndo,	

máticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.

argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia da súa utilización.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		CIENCIAS NATURAIS 5º EP
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	
B1.1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facer predicións sobre sucesos naturais, integrar datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes.	CNB1.1.5. Efectúa búsquedas guiadas de información na rede.	
B3.3. Investigar as características de ecosistemas do seu contorno mediante a recollida de datos, facendo hipóteses, empregando diversas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes, mostrando interese pola rigorosidade e hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos.	CNB3.3.1. Coñece e explica, con rigorosidade, as principais características e compoñentes dun ecosistema.	
	CNB3.3.2. Investiga con criterio científico, ecosistemas próximos e presenta resultados en diferentes soportes.	
	CNB3.3.3. Identifica algunhas actuacións humanas que modifican o medio natural e as causas de extinción de especies e explica algunhas actuacións para o seu coidado.	

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		CIENCIAS SOCIAIS 5º EP
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	
B2.2. Describir as características principais do Sistema Solar identificando diferentes tipos de astros e as súas características.	CSB2.2.1. Describe as características, compoñentes do Sistema Solar, localizando o Sol no centro do mesmo e os planetas segundo a súa proximidade.	
B2.3. Localizar o planeta Terra e a Lúa no sistema solar, explicando as súas características, movementos, consecuencias e calcular os fusos horarios.	CSB2.3.2. Explica o día e a noite como consecuencia da rotación terrestre e como unidades para medir o tempo.	
B2.9. Explicar a importancia da intervención humana no medio e favorecer o desenvolvemento sostible.	CSB2.9.1. Explica a importancia do coidado do medio, así como as consecuencias da acción humana neste.	



Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		VALORES SOCIAIS E CÍVICOS 5º EP
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	
B1.1. Construír o estilo persoal baseándose na respectabilidade e na dignidade persoal.	VSCB1.1.1. Actúa de forma respectable e digna.	
B1.5. Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común.	VSCB1.5.2. Define e formula claramente problemas de convivencia e achega solucións potencialmente efectivas.	
B2.4. Empregar a aserción.	VSCB2.4.2. Emprega a linguaxe positiva.	
B3.2. Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias.	VSCB3.2.1. Amosa boa disposición para ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.	
B3.4. Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade, coñecendo e empregando as fases da mediación e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.	VSCB3.4.1. Resolve os conflitos de modo construtivo.	

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		LINGUA INGLESA 5º EP
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	
PLE-B1.1-Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves, con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso moi frecuente e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias do alumnado, articulados con claridade e transmitidos de viva voz ou por soportes multimedia que non distorsionen a mensaxe.	5º-PLEB1.1 - Comprende o sentido global e a información máis importante de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá adecuados á súa idade, procedentes de medios audiovisuais ou da Internet.	
PLE-B1.2-Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral e a información mais importante do texto.	5º-PLEB1.2 - Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (xogos de ordenador, peticións, instrucións) sobre temas do seu interese, expresados con claridade e que contén con apoio visual en soporte papel ou dixital.	
	5º-PLEB1.3 - Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet.	
PLE-B1.3-Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa.	5º-PLEB1.4 - escoita atentamente en interaccións cara a cara, sen interromper.	
	5º-PLEB1.5 - Amona interese e respecto polas intervencións orais alleas en prol da mellora da súa pronuncia, entoación e acentuación.	
PLE-B2.1-Interactuar en situacións reais ou simuladas sinxelas de comunicación sobre temas dos seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, usando expresións e frases feitas de uso frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores	5º-PLEB2.1 - Participa de forma activa en situacións reais ou simuladas de comunicación, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensibles.	
	5º-PLEB2.2 - Pregunta e responde para dar/obter información en	

básicos (and/or/then/but).	interaccións cotiás habituais
PLE-B2.2-Participar de forma activa e cooperativa en situacións funcionais de comunicación que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou temas do seu interese cunha pronuncia axeitada e empregando as convencións propias do proceso comunicativo.	5º-PLEB2.3 - Amosa unha actitude de escoita atenta.
PLE-B2.3-Valorar a lingua estranxeiras como instrumento de comunicación	5º-PLEB2.6 - Manifesta interese e respecto polas opinións do seus compañeiros/as.
PLE-B2.4-Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.	5º-PLEB2.7 - Recoñece a diversidade lingüística da súa contorna como elemento enriquecedor.
PLE-B3.1-Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e cun léxico cotián de interese para o alumnado e que conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.	5º-PLEB3.2 - Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo, con apoio visual, procedente dos medios de comunicación adaptados á súa competencia lingüística e acorde coa súa idade.
PLE-B3.2-Recoñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos.	5º-PLEB3.4 - Emprega algunhas estratexias básicas para a comprensión lectora
	5º-PLEB3.5 - Selecciona contos, narracións ou outro material escrito da biblioteca da aula para a súa lectura autónoma, acordes á súa idade e intereses e respectando as súas normas de funcionamento.
PLE-B3.3-Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresen pausas, exclamacións e interrogacións.	5º-PLEB3.6 - Formula hipóteses sinxelas a partir de elementos icónicos e títulos que o acompañan e compróbaas.
	5º-PLEB3.7 - Valora a lingua escrita como medio de comunicación.
PLE-B3.4-Recoñecer os signos ortográficos básicos (punto e coma), así como os símbolos frecuentes	5º-PLEB3.9 - Amosa interese pola corrección, ortografía básica, puntuación e presentación dos textos escritos.

PLE-B4.1-Elaborar textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.	5º-PLEB4.2 - Escribe diálogos simples, a partir de modelos, respectando a estrutura gramatical coñecida e as normas ortográficas básicas.
PLE-B4.8-Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable.	5º-PLEB4.9 - Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc. 5º-PLEB4.10 - Utiliza a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica básica.
PLE-B5.1-Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e significativos e aplicar progresivamente os coñecementos adquiridos sobre estes, a unha comprensión adecuada do texto oral e escrito.	5º-PLEB5.1 - Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividade) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.
PLE-B5.2-Amosar curiosidade pola lingua e pola súa cultura.	5º-PLEB5.2 - Participa en actividades de aprendizaxe individuais e colectivas, respecta as ideas dos e das demais e contribúe ó traballo en grupo 5º-PLEB5.2 - Amosa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura.
PLE-B5.4-Obter e dar información persoal máis detallada, aparencia física, afeccións? en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula.	5º-PLEB5.4 - Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe en distintos contextos
PLE-B5.5-Expresarse en tempo presente e pasado simple, afirmativa e negativa, 1ª e 3ª persoa.	5º-PLEB5.5 - Identifica en textos simples: as formas de presente e pasado simple, a afirmación e a negación
PLE-B5.10-Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas	5º-PLEB5.10 - Diferenza preguntas e respostas moi simples, así

para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.	como as que achegan información.
PLE-B5.11-Utiliza as estruturas sintácticas de progresiva dificultade (p. e. enlazar frases sinxelas con conectores (and, or, then but), pero adecuándoas aos propósitos comunicativos.	5º-PLEB5.11 - Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e persoa, e usa correctamente os nexos básicos.
PLE-B5.12-Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.	5º-PLEB5.12 - Memoriza rutinas lingüísticas coñecidas para desenvolverse nas interaccións dentro e fóra da aula.
PLE-B5.14-Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas da vida da aula ou fóra dela.	5º-PLEB5.14 - Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións de aula ou fora da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente.
PLE-B5.15-Recoñecer un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias.	5º-PLEB5.15 - Compara aspectos lingüísticos e culturais das línguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas
PLE-B5.16-Comparar aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas (horarios, hábitos, festividade?).	
PLE-B5.16-Comparar aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas (horarios, hábitos, festividade?).	5º-PLEB5.16 - Establece similitudes e diferenzas das linguas que hai na aula ou na súa contorna máis próxima

PLE-B5.17-Indagar a realidade plurilingüe e multicultural das familias e da súa contorna, e identificar semellanzas e diferenzas, evitando os estereotipos.

5º-PLEB5.17 - Valorara as línguas como instrumento de comunicación, para aprender a acecarse a outras culturas

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		EDUCACIÓN FÍSICA 5º EP
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	
EF B1.2. Extraer e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa, e , utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área	<p>5º-EFB.1.2.1 - Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita.</p> <p>5º-EFB.1.2.2 - Presenta os seus traballos atendendo ás pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza e utilizando programas de presentación.</p>	
EF- B3.1 Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo- temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz	<p>5º-EFB.3.1.1 - Realiza desprazamentos adaptándose a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustándose a parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural</p>	
EF-B3.1 Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo- temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz	<p>5º-EFB.3.1.2 - Realiza a habilidade motriz básica de salto adaptándose a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural.</p>	
EF-B3.1 Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo- temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz	<p>5º-EFB.3.1.3 - Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas interiorizando e aplicando os xestos cos segmentos dominantes e iniciando a práctica cos non dominantes.</p>	
EF-B3.1 Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo- temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas	<p>5º-EFB.3.1.4 - Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas tendo en conta os dous eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa</p>	

ás condicións establecidas de forma eficaz	realización aos parámetros espazo- temporais e intentando manter o equilibrio postural.
EF-B3.1 Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo- temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándo- as ás condicións establecidas de forma eficaz	5º-EFB.3.1.5 - Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.



Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		E. ARTÍSTICA - PLÁSTICA 5º EP
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	
EP-B1.1-Distinguir as diferenzas fundamentais entre as imaxes fixas e en movemento, clasificándoas seguindo patróns aprendidos.	5º-EPB1.1.1 - Recoñece as imaxes fixas e en movemento e clasifícaa.	
	5º-EPB1.1.2 - Debuxa aspectos da vida cotiá.	
EP-B1.2-Identificar e describir os materiais, utensilios e soportes, texturas, formas e cores; comprobando as posibilidades que achegan para a creación artística.	5º-EPB1.2.2 - Analiza as posibilidades de materiais, texturas, formas e cores aplicadas sobre diferentes soportes.	
EP-B1.3-Aproximarse á lectura, análise e interpretación da arte e as imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos, comprendendo, de maneira crítica, o significado e función social, sendo capaz de elaborar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos.	5º-EPB1.3.1 - Coñece a evolución da fotografía desde o branco/negro á cor, do formato papel ao dixital, e valora as posibilidades que proporciona a tecnoloxía.	
EP-B2.1- Experimentar coas imaxes como unha ferramenta para deseñar documentos de información e comunicación (carteis, guías, folletos etc.)	5º-EPB2.1.1 - Realiza composicións que transmitan emocións e sensacións básicas, utilizando distintos elementos e recursos para os axustar ás necesidades.	
EP-B2.2-Realizar planos, mapas e carteis, individualmente e en grupo; manexando as ferramentas básicas do debuxo xeométrico.	5º-EPB2.2.3 - Participa nas actividades propostas e amosa interese por elas, colaborando sempre que se trate dun traballo en grupo.	
EP-B2.3-Imaxinar, debuxar e elaborar obras tridimensionais con diferentes materiais.	5º-EPB2.3.2 - Experimenta coa superposición de planos para crear volume.	
	5º-EPB2.3.3 - Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade.	
	5º-EPB2.3.4 - Combina e analiza as cores para as utilizar correctamente na	

	composición.
	5º-EPB2.3.5 - Aproveita a diferenza das texturas achegadas polos lapis de cores e as ceras.
EP-B2.4-Representa, de forma persoal, ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.	5º-EPB2.4.1 - Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, cores e tamaños axeitados.
	5º-EPB2.4.2 - Organiza os espazos das súas producións bidimensionais, utilizando conceptos básicos de composición, equilibrio e proporción.
EP-B2.5-Participar con interese, coidando e respectando o material, os utensilios e os espazos, desenvolvendo a iniciativa e a creatividade, respectando as normas e as regras previamente establecidas.	5º-EPB2.5.1 - Valora os elementos e os recursos empregados para conseguir o efecto que máis se axuste ao resultado final.
	5º-EPB2.5.2 - Coida e respecta os materiais, os utensilios e os espazos utilizados.
	5º-EPB2.5.3 - Participa e amosa interese polas actividades propostas, colaborando na recollida e na organización do material.
EP-B2.6-Amosar interese polo traballo, apreciando e valorando a correcta realización de actividades e a presentación.	5º-EPB2.6.1 - Completa e realiza os debuxos utilizando os coñecementos aprendidos
	5º-EPB2.6.2 - Presenta as tarefas con orde e limpeza respectando as normas e indicacións establecidas.
	5º-EPB2.6.3 - Amosa interese polo traballo e a aplicación, apreciando a correcta realización dos exercicios e actividades.
EP-B3.1-Coñecer e utilizar as ferramentas básicas do debuxo xeométrico.	5º-EPB3.1.5 - Representa e aplica adecuadamente o eixe de simetría.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		E. ARTÍSTICA - MÚSICA 5º EP
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	
B2.2. Participar en producións musicais sinxelas de xeito desinhibido e pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas, mostrando actitudes de respecto e colaboración.	EMB2.2.4. Realiza acompañamentos sinxelos de cancións e melodías relacionadas coa propia cultura.	
B1.5. Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, e identificar as principais características de instrumentos doutras culturas.	EMB1.5.2. Clasifica os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos).	

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p><u>Procedementos de avaliación:</u></p> <ul style="list-style-type: none"><li>→ Análise das producións solicitadas ao alumnado</li><li>→ Uso das TICs</li><li>→ Recompilación dos materiais</li><li>→ Verificación das achegas solicitadas polo profesorado.</li></ul> <p><u>Instrumentos:</u></p> <ul style="list-style-type: none"><li>→ Traballos realizados polo alumnado a petición do profesorado:</li><li>→ Rexistro dos materiais empregados</li><li>→ Portafolio</li><li>→ Autoavaliación</li><li>→ Rubricas de avaliación</li><li>→ Cuestionarios</li></ul> <p>A terceira avaliación terá un sentido diagnóstico, avances realizados, dificultades atopadas, atrasos... a valoración de todo o rexistrado nos permitira obter datos cualitativos para facer os informes e as programacións de cara ao curso 2020-21 o máis precisos posibles coa finalidade de coñecer onde se precisa reforzar, ampliar ou recuperar e que aprendizaxes precisan dunha maior atención.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Para a avaliación ordinaria teremos en conta principalmente a primeira e segunda avaliación. Será unha <b><u>valoración só en positivo</u></b>, podéndose recuperar as materias pendentes nas anteriores avaliacións, para iso valorase o esforzo e o traballo do alumnado que se atope na necesidade de recuperar a materia pendente.</p>

	<p>A nota final de todo o alumnado poderase ver incrementada ( nunca diminuída) en función da valoración do esforzo e os traballos recibidos durante este período excepcional.</p>
--	--

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

#### Actividades

As actividades destas materias están, centradas no reforzo e repaso dos contidos traballados ata o estado de alarma, amais se traballan actividades de ampliación sempre de atendendo a contidos xa traballados e en relación ao desenvolvemento das competencias clave.

Entre as distintas actividades cabe destacar que son actividades individuais, abertas, flexibles e cun carácter voluntario. Se combinan actividades virtuais e actividades tradicionais. Das actividades concretas marcadas polos títulos/as das actividades individuais recibidas se farán composicións grupais co obxectivo de manter un vínculo co traballo cooperativo, e entre iguais que favoreza o compromiso e a coordinación entre o grupo.

En liñas xerais as actividades traballadas son:

- Tarefas de investigación/experimentación con distintos materiais e técnicas
- Actividades individuais dentro dun “proxecto/actividade” de centro
- Actividades online interactivas ou de gamificación.
- Creacións audiovisuais
- Actividades de creación libre....

#### Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)

Actualmente estamos vivindo unha situación social, familiar e económica de emerxencia polo que a metodoloxía a nivel de centro e de aula experimentou certos cambios.

Seguimos traballando na mesma liña, empregando unha metodoloxía flexible, aberta e activa na que o alumnado é fundamental no proceso de ensino-aprendizaxe.

Atopámonos nun momento de constantes modificacións educativas polo estado de alarma e o feito de traballar dende

casa implica facer tarefas altamente motivadoras para o noso alumnado, buscando centros de interese e temas transversais, ademais de ser máis flexibles, permitindo que fagan as actividades cos medios que teñen á súa disposición.

Establecese unha constante comunicación co alumnado e as súas familias mantendo o vínculo afectivo e favorecendo o graode adquisición das competencias clave.

Despois da enquisa feita ao alumnado sabemos que todos dispoñen de conectividade e por iso usamos:

- Blogs creados polos mestras/mestres para mostrar tanto as actividades como as finalidades e recursos.
- Un correo electrónico para o contacto coas familias e co alumnado.
- Videoconferencias
- Carpetas de Google Drive individuais co alumnado para o traslado dos distintos traballos.
- Abalar móbil para as notificacións e información.
- Páxina web do centro.

Para o alumnado con brecha dixital o centro prestoulle asesoramento e envioulles ordenadores. Para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo (NEAE) elaborouse material de estimulación lingüística, de atención, de comprensión lectora e escritura, de razoamento matemático e de Lingua Galega en relación a o programa de adquisición de linguas para alumnado estranxeiro. O material elaborado en coordinación o profesorado de PT e AL co profesorado titor que se lle fai chegar ao alumnado en lotes de documentación impresa.

O Departamento de Orientación continuará co desenvolvemento das actuacións, medidas e programas para a atención á diversidade establecidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro entre eles o programa de estimulación lingüística na educación infantil, as adaptacións

	<p>curriculares e os apoios educativos adaptados á situación de confinamento de alumnado e profesorado, e asesorando os diferentes membros da comunidade educativa, preferentemente, para o coidado do seu benestar emocional.</p> <p>A <b><u>comunicación e coordinación</u></b> entre o equipo docente é o <b><u>piar principal desta metodoloxía</u></b>. Amais hai unha <b>coordinación constante co DO</b> para atender ao alumnado con NEAE, cun traballo específico.</p>
<p><b>Materiais e recursos</b></p>	<p>Estamos poñendo a disposición de todo o alumnado as ferramentas necesarias para que poidan continuar dende a súa casa o traballo iniciado nas aulas, para isto as TIC están sendo un elemento fundamental nestes momentos tanto para comunicarnos co alumnado e coas familias como para que podan continuar traballando na casa.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>→ Materias, xogos e actividades audiovisuais creados polos docentes.</li> <li>→ Materiais elaborados polo propio alumnado.</li> <li>→ Fontes e recursos adaptados das redes.</li> <li>→ Libro de texto, cadernos e libretas.</li> <li>→ Vídeos de creación propia dos docentes...</li> </ul>



<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Transmitirase información da adaptación das programacións para este 3º trimestre ás familias a través da plataforma Abalar móbil explicándolle onde poden ser consultadas.</li> <li>● Na información transmitida se lle explicará que é unha adaptación supervisada polo servizo de inspección, e de tal xeito, poden ser modificadas ou melloradas se fose o caso.</li> </ul>
<b>Publicidade</b>	Publicarase na páxina web do centro.